

Tratamentos fitosanitarios en viñedos da DO Rías Baixas cun vehículo automatizado non tripulado (PP2022-A35)

Na campaña 2024 non se atoparon diferenzas significativas entre a aplicación de fitosanitarios con vehículo automatizado non tripulado (RPA) ou atomizador, aínda que nalgunhas mostraxes obsérvase unha tendencia a unha maior severidade da enfermidade nas aplicacións con RPA.

En relación cos resultados obtidos nas análises de alcance foliar de fitosanitarios mediante mostras foliares, presentan bos resultados en canto aos elementos nutricionais e referido á presenza de substancias activas. Non se observaron valores que indiquen que un método de aplicación sexa máis favorable que o outro, con desviacións puntuais entre métodos de aplicación que poden ser debidas ás condicións ambientais.

Os valores que se poden extraer dos tratamentos efectuados son os seguintes:

- Velocidade do RPA: 6-7 km/h
- Altura do RPA para a aplicación: 5 m con respecto ao solo
- Boquillas empregadas segundo o sistema de conducción:

- Boquilla espello

- Tipo de conducción: espaleira
- Colocación RPA: rúa
- Superficie cuberta por hora: 1 ha/h
- Superficie por voo: 1000 m
- Consumo auga: 100 L/ha
- Superficie aplicada por día: 8 ha

- Boquilla turbulencia

- Tipo de conducción: emparrado
- Colocación RPA: fila
- Superficie cuberta por hora: 1,2 ha/h
- Superficie por voo: 1200 m
- Consumo auga: 80 L/ha
- Superficie aplicada por día: 9,6 ha

A aplicación de tratamentos fitosanitarios con RPA é unha alternativa moi interesante aos métodos de aplicación tradicionais.